

INFORMACIÓN DE INTERESE

A Asemblea Nacional disporá dun **Servizo de Organización** conformado por unha equipa de militantes con disposición a facilitarche a información e axuda que precises. Para o bo desenvolvemento do conxunto da Asemblea Nacional solicitamos a túa colaboración para seguir sempre as indicacións do Servizo de Organización.

ACREDITACIÓN

O **sábado 25 de marzo, a partir das 16.00 e até as 18.00 horas** poderá facerse a acreditación como asembleísta, así como o **domingo 26 de marzo, a partir das 10.00 e até as 13.00 horas, e de 16.00 a 17.00 horas**.

A acreditación da militancia efectuarase por orde alfabética, tomando como referencia o primeiro apelido, nos postos localizados ao longo dos corredores do Palexco. No caso de simpatizantes e delegacións convidadas, a acreditación efectuarase nun posto específico que estará sinalizado.

Xunto coa tarxeta de votación será entregada a documentación da Asemblea.

Pregase seguir o itinerario de entrada e saída da zona de acreditación indicado polo Servizo de Organización para axilizar o proceso, e no caso de incidencias, que a persoa afectada se dirixa á mesa de incidencias para permitir que continúe a acreditación sen demoras.

IDENTIFICACIÓN

Para acreditarse como asembleísta deberase presentar o carné de identidade.

ACCESO

Poderán acceder ao Pleno e Comisións da Asemblea Nacional @s militantes inscrit@s, @s simpatizantes convidad@s que fora comunicados con anterioridade á Organización, e tamén @s representantes das delegacións convidadas.

TARXETA DE VOTACIÓN

A tarxeta de votación será entregada no momento da acreditación a tod@s @s asembleístas, e deberá ser conservada ao longo de toda a Asemblea Nacional.

Esta tarxeta terá as seguintes utilidades na Asemblea Nacional:

- acredita a condición de asembleísta e permite o acceso a todas as sesións, presentándolla ao servizo de accesos;
- será a única referencia do servizo de recontos da Asemblea Nacional para computar os votos nas votacións a man alzada;

ESPAZO INFANTIL

Tes ao teu dispor un servizo para crianzas, que estará situado á beira da entrada principal do auditorio do Palexco, onde se desenvolverá a Asemblea.

O horario de atención deste servizo será de 16.00 a 21.00 o sábado 25 de marzo, e de

10.00 a 18.30 horas o domingo 26 de marzo.

PARA INTERVIR NO DEBATE DE TOTALIDADE E INFORME DE XESTIÓN

Deberase solicitar a palabra o sábado, ou antes das 11.00 do domingo 26 de marzo, 30 minutos antes da hora prevista de inicio do debate. **Porase a disposición de toda a militancia un boletín de petición de palabra, que se deberá solicitar e cubrir no posto de información xeral.** En función das palabras demandadas, a Mesa distribuirá os tempos de intervención para o cumprimento do horario previsto. En todo o caso, o **Consello Nacional poderá ordenar as intervencións co fin de asegurar o desenvolvemento da orde do día,** e de se superar un máximo de intervencións que non as faga operativas, procederase á súa escolla aleatoria.

PARA INTERVIR NO DEBATE DAS EMENDAS PARCIAIS EN PLENO

As persoas que defendan algunha emenda parcial que supere o mínimo exixido nunha Comisión (segundo o Regulamento), deberán dirixirse á parte de diante do Pleno antes do seu inicio (domingo 26 de marzo, ás 10.30 horas da mañá). En caso de coincidencia de varias persoas para a defensa dunha mesma emenda, designarase unha persoa como portavoz que faga unha única intervención.

PROCEDEMENTO DE VOTACIÓN DAS EMENDAS AOS TEXTOS

As votacións ás emendas de totalidade, parciais e votos particulares aos diferentes textos (Regulamento, Relatorios, etc.) serán efectuadas a man alzada. Para iso, a Mesa indicará o momento das votacións após o correspondente debate, que se efectuará erguendo a tarxeta de acreditación como militante de plenos dereitos. Haberá un servizo de reconto que transmitirá á mesa o resultado das votacións.

Vémonos na Coruña. O futuro do BNG ímolo decidir en asemblea, colectiva e democraticamente, entre todas e todos. Que teñas unha boa e proveitosa asemblea nacional.

Saúdos patrióticos!

Área Nacional de Organización

Bloque Nacionalista Galego